

EL PAÍS - 14-12-2007

A libertaria versión da *Noite de reis. Ou o que queirades*, que dirixe Quico Cadaval, está a demostrar que hai xente, moita, que se espreguiza cando é convocada por unha chamada de calidade excitante. As creacións non poden ser ideadas en función de obsesións elitistas ou populistas. Hai populismos moi elitistas e elitismos que devecen, sen confesalo, pola *loor de multitudes*. Quico formouse na academia da taberna e casa de comidas da súa nai, A Carrilana, de Ribeira. Quen pillara esa elite!

"Creo que vén unha nova Idade de Ouro do teatro", dille Quico Cadaval a Lupe Gómez no *Calidoscopio de cores* que ela escribe en *Galicia Hoxe*. "Home, marchando outra Idade de Ouro!", soltaría alguén con sorna na barra d'A Carrilana. Mais Quico, bebedor de grouchos de Oxímoron, razoa o que di coa lucidez do paradoxo: "Agora que entramos no mundo virtual o teatro será o único real. O espectáculo en directo será o luxo do Terceiro Milenio".

Semella un pinchacarneiro mental: a imaxinación subministrando realidade, o escenario como nova paisaxe e espazo humano, as palabras rescatando a carnalidade. Mais é así. O teatro, a música en vivo, a poesía. Cada vez será máis necesaria a "común presenza". Así titulou René Char, *Commune présence*, un deses poemas que debería figurar como escritura de herdanza na arca da humanidade: "*Hâte-toi de transmettre / Ta part de merveilleux de rébellion de bienfaisance*" (Dáte presa en transmitir a túa parte de marabilloso de rebeldía de xenerosidade).

Moito de marabilloso, de rebelión e de xenerosidade é o que ten aportado e aportan os cómicos de Galicia, a xente nosa do teatro, e no seu nome podemos hoxe lembrar a Ánxeles Cuña, a fundadora de Sarabela, o épico grupo de Ourense, e que está nomeada para os premios Max deste ano coa obra Margar no pazo do tempo. Como ela adoita dicir de parabén: "Moita merda!". Era o saúdo histórico dos cómicos. Se había moita bosta ou merda (de cabalo) era sinal de que acudira moita xente ao espectáculo. A merda, neste caso, era un bo agoiro.

Algo de marabilla, rebelión e xenerosidade ten tamén a estas alturas que un medio de comunicación (de masas) teña a iniciativa de convocar a trinta poetas de Galicia, homes e mulleres de diferentes xeracións, para recitar polas ondas a toda España, e en tres domingos consecutivos. Ese é o caso de *La estación azul*, de RNE, que organizou o insólito encontro en Lugo. Qué estraño, qué moderno resulta o escoitar neste tempo poesía pola radio! Non un poema de aguinaldo, senón unha banda sonora enteira, con toda a biodiversidade, da actual poesía galega.

E aquí cómpre, en xustiza, lembrar o traballo de Rivadulla Corcón, que fornece poesía na Radio Galega, e de Ana Romani e compañeiros no *Diario cultural* da mesma emisora, un espazo pioneiro e de referencia que debería contar con máis promoción na propia casa e afrontar unha xeira itinerante e participativa para acadar máis audiencia no ámbito urbano e na mocidade, tarefa esta pendente de todos os medios públicos galegos.

Hai poetas de máis por habitante en Galicia? Nun deses estrelampos que permite o humor, Marcial Suárez (*O acomodador e outras historias*) dicía que Allariz era o lugar con "máis igrexas por católico cadrado". Co número de poetas en Galicia tense intentado un xogo irónico semellante, con infeliz resultado por parte dos cronistas que o intentaron. Nin en Galicia, nin no mundo enteiro, hai tantos poetas como debera. Diría máis: un dos problemas de Galicia e do mundo é a escaseza de mentes poéticas. Se, entre outras cousas, a poesía é a verdade que se rebela contra as aparencias, poderíamos concluír que en Galicia hai un déficit poético.

Estes días estase a distribuír un libro de relatos, *Porca terra*, de John Berger. Para min, coa perspectiva do tempo, non é un acontecemento senón unha milagre. Un feito poético. Polo que ese libro significa para que o le. Mais tamén polo que significa como soño realizado. O mérito é da editora, Rinoceronte, que dirixe Moisés Barcia e do tradutor, Xoán Abeleira. Digo *milagre* coa etimoloxía de feito extraordinario. Moisés, en Cangas, creou en pouco tempo un embarcadoiro do universal. Obras imprescindíbeis, fóra de canon máis visíbel, máis comercial, que renacen dende o Morrazo en lingua galega.

Xoán Abeleira é un prometeo que adoita traballar na sombra. Escribe de cando en vez en *La Opinión de Coruña* artigos insólitos, mananciais de frescura sorprendente en pleno quecemento global. Autor d' *A pegada de Man*, en memoria dese mártir do ecocidio. Unha das mellores mentes, Abeleira, que non devorou o Moloch. E que tamén é poeta.

Esa idea de que se levantas unha pedra en Galicia pois sae un poeta é unha brincadeira cando se di entre

poetas. É unha arroutada antipática no ámbito xornalístico. Se levantas unha pedra, non sae un Abeleira. O que adoita saír é un paspán.

Pois ben, *Porca terra* son relatos de superviventes. A Europa campesiña, en extinción como espazo metafórico da desfeita ecolóxica nas carnes da humanidade. Unha obra poética en forma narrativa que racha unha das máscaras máis cínicas da aparencia contemporánea. Iso que chamamos con moita pompa *progreso*.

John Berger pon as cousas no seu lugar cando di que non existe o poeta como categoría profesional. O que existe é a ollada poética, a pescuda da autenticidade. A poesía é unha construción estética, un xeito de elevación (ou de caída), que transmite información básica para a humanidade.

Poetas non hai moitos. Nin moitas. Nunca haberá dabondo. Se o determinante é a ollada, o xeito de mirar a realidade e o xeito de construíla, poetas debería habelos en toda parte. Na arquitectura. Na enxeñería. No xornalismo. Na política. Na economía. Na ciencia. Na medicina. Mesmo na literatura debería haber máis poetas. Que puideramos saudar con fundamento: "Moita *merda!*".